

Soberanía e gobernanza na era global

Crise biopolítica da forma-Estado e modo de mando no capitalismo cognitivo

Raimundo Viejo Viñas

En que medida e de que maneira o devir global do político cuestiona os fundamentos da era moderna? En que grao seguen a ser operativas as nosas vellas categorías políticas e até que punto a globalización nos vén facendo traspasar o limiar dun cambio irreversible? Resulta posible un enunciado paradigmático diferente ao prefigurado hoxe en día polo discurso liberal que sexa, á súa vez capaz de dar conta dos cambios do presente máis aló dos ideoloxemas e lugares comúns percorridos en círculo, unha e outra vez, polas publicacións do global?

No ánimo de contribuír a responder a estas grandes (acaso demasiado grandes) cuestións, este relatorio propónse explorar, máis modestamente, a controvertida relación (normativa, sen dúbida, pero tamén empírica) que vincula hoxe dúas noções centrais e constitutivas da comprensión modernista do global como son gobernanza e soberanía. Para isto, partimos de interrogar as proposicións avanzadas ao respecto por diferentes autores dende algúns exemplos concretos ligados á experiencia global. A relación entre soberanía e gobernanza, ou máis exactamente, a crise aberta que hoxe supón esta relación, configúrase así como clave dunha problemática de maior calado, a saber: aquela da forma-Estado no contexto da definición biopolítica do modo de mando global.

No plano metodolóxico, a *análise da tendencia* preséntasenos, diacronicamente, como principal apoio na comprensión do carácter continxente dos procesos globalizadores e, á par, sincronicamente, como posibilidade interpretativa primeira no diagnóstico do actual estado de cousas. Por outra banda, o recurso ás achegas da *análise composicionista* da axencia, permitíranos avaliar os resultados dos diferentes dispositivos de control instituídos mediante o estado de excepción como paradigma gobernamental da globalización. E todo isto de xeito tal que, finalmente, percibe posible unha praxe cognitiva capaz de bosquexar cando menos, e a partir da investigación concreta da crise da relación soberanía-gobernanza, algunhas solucións hipotéticas á máis ampla heurística que acompañou o xurdimento dunha sociedade global.

0.0

O 13 de maio do presente ano, un informe recente de Amnistía Internacional elevaba a 70.000 o número de prisioneiros detidos polo goberno norteamericano fóra das súas propias fronteiras, como resultado da chamada “guerra contra o terrorismo”⁽¹⁾. Con independencia das discusións máis ou menos nominalistas que, dende

(1) Amnistía Internacional, *Guantánamo and beyond: The continuing pursuit of unchecked executive power*, <http://web.amnesty.org/library/Index/ENGAMR510632005>.

entón, veñen ocupando a opinión pública⁽²⁾, semella evidente que a reprodución e difusión do dispositivo concentracionario instituído na base militar de Guantánamo ao amparo da *Patriot Act*, se perfila xa como síntese privilexiada e laboratorio político de todo un modo de mando global.

Trátase aquí dun paradigma de goberno inacabado que atopa na suspensión indefinida do xurídico o marco político co que facer fronte ás continxencias da globalización. A institución deste paradigma ábrese camiño hoxe a través da crise que cuestiona a relación entre soberanía e gobernanza: crise inequivocamente biopolítica da moderna forma-Estado, cuxa obsolescencia responde, en última instancia, aos desafíos políticos que determinan as dúas dinámicas fundamentais do antagonismo global: a emigración (*exit*) e o movemento (*voice*).

Xeohistoricamente falando, podemos considerar os atentados do 11 de setembro de 2001 como o acontecemento que marca a fin dun período de transición inaugurado co final da Guerra Fría (1989/1991). Durante esta fase, diferentes conflitos militares rexionais serviron como ámbitos privilexiados de experimentación bélica (Kaldor, 1999). Dende as guerras balcánicas até as caucásicas, pasando pola primeira guerra do Golfo, foise xestando progresivamente un cambio de paradigma marcado polo termo do que se coñece como “fordismo militar” (Schmeder, 1998).

Neste contexto de resolución final do enfrontamento entre superpotencias nucleares e a conseguinte ausencia dun contendente militar suficiente, tivo lugar unha crise de lexitimación do bélico sen precedentes, e que se procurou nas chamadas “intervencións humanitarias” unha saída ao antigo “modo de guerra” (*mode of warfare*; Kaldor, 1982) descrito no seu día por Karl von Clausewitz (1832).

Nesta orde de cousas, os atentados do 11-S abriron a xanela de oportunidade política definitiva que permitiu poñer en marcha o conxunto de medidas de seguranza e reformas penais que, na actualidade, integran o modo de mando global. Baixo os vestixios do modo de guerra clausewitziano foise perfilando, cada vez con maior claridade, un novo modo caracterizado por unha fusión crecente do policial e do militar. Significativamente, ao longo desta década de transición entre modos, o número de vítimas civís das contendas bélicas non foi deixando de aumentar e dun xeito correlativo as baixas militares fóronse reducindo cada vez máis. Esta inversión dos custos en vidas da guerra, como veremos, non soamente pon de releve o seu carácter (bio)político, senón que preconiza, á súa vez, o esgotamento dos fundamentos empíricos e normativos da soberanía moderna, tal e como esta se coñece, cando menos dende a configuración do moderno sistema de Estados (Paz de Westfalia de 1648).

(2) Facemos referencia aquí á polémica suscitada pola publicación da carta aberta da secretaria xeral de Amnistía Internacional, Irene Kahn. As respostas do presidente George W. Bush, do vicepresidente Dick Cheney, da secretaria de Estado Condoleezza Rice, do secretario de Defensa Donald Rumsfeld e do presidente do Estado Maior Conxunto das Forzas Armadas, xeneral Richard Myers, quizais constitúen a mellor proba da importancia do debate suscitado. Vid. Irene Kahn, *Cierre Guantánamo y desvele lo demás*, 22 de xuño de 2005. Dispoñíbel en <http://web.amnesty.org/library/Index/ESLAMR511012005>.

Por outra banda, a forma-Estado deixou progresivamente de operar como o principal dispositivo catalizador do contencioso militar. De feito, o eixe político definitivo do bélico foi xirando dende (1) a horizontalidade propia das relacións entre as entidades soberanas do dereito internacional até (2) a verticalidade que conforma, nos nosos días, a “guerra global permanente” (Brandariz e Pastor, 2005). É esta unha verticalidade que, á súa vez, comezou a expresarse dentro e fóra dos límites territoriais abarcados pola soberanía estatal. De feito, máis aló da fin da Guerra Fría, o que cuestionaron as Revolucións de Veludo da Europa central e oriental (1989/1991) foi a relación mesma entre soberanía e territorio tal e como quedara configurada e circunscrita dende o comezo da modernidade, en e ao interior, a forma-Estado (Viejo Viñas, 2001)⁽³⁾.

A xenealoxía política deste proceso remóntase á crise do imperialismo dos séculos XIX e XX, que se opera de maneira definitiva na Guerra Fría. Durante os procesos de descolonización do Terceiro Mundo que seguiron aos movementos de liberación nacional, o imperialismo xa amosara e esgotara as posibilidades de organización interestatal dunha verticalidade pactada.

Até daquela, as relacións internacionais (tal e como aínda son concibidas polo dereito internacional) foron redefinidas de xeito constante no marco dunha relación igualitaria no normativo (Constitución formal) e desigual no político (Constitución material). Correlato desta igualdade *inter pares*, a orde internacional viña sendo revisada de forma recorrente por medio de grandes tratados internacionais. Estes respondían a sucesivas actualizacións do desenvolvemento combinado de capital e coerción que determinaban, a cada momento, os correspondentes procesos de acumulación e concentración constitutivos da forma-Estado (Tilly, 1992:45)⁽⁴⁾.

0.1

No esencial, o modo de mando global baséase nunha aplicación sistemática, asimétrica e combinada do “estado de excepción” (*Ausnahmezustand*) como organizador do político, alí onde até agora operaban os diferentes ordenamentos constitucionais e os principios do Estado de dereito (Agamben, 2001). Lonxe de esgotarse na excepcionalidade dos acondicionamentos que o inspiran nun principio (atentados do 11-S), este estado de excepción revelouse ademais como unha medida duradeira, capaz de modificar non xa soamente a natureza do réxime político norteamericano senón, a través da posi-

(3) Non semella que haxa dúbida entre especialistas á hora de sinalar os procesos revolucionarios de 1989 como o resultado dunha gran vaga de mobilizacións transnacionais que, a diferenza do seu precedente de 1968, provocou un cambio de sistema definitivo (Tarrow, 1991; Mason, 1996). De igual xeito, os modelos transitolóxicos baseados nas “vagas de democratización” (Huntington, 1994) coinciden en sinalar o efecto “bola de neve” como factor decisivo na configuración dos réximes políticos do último cuarto do século XX.

(4) Certamente, iso non impediu a prominencia dunha ou doutra potencia na escena internacional durante longos períodos. Dende o comezo da idade moderna, distintas potencias fóronse sucedendo no papel de *primus inter pares* (horizontalidade do dereito internacional) sen por iso renunciar a un común reparto colonial do mundo (verticalidade da relación metropolitano-colonial). Na súa monografía sobre o longo século XX, Giovanni Arrighi (1999) identifica, malia que dende unha perspectiva inscrita na crítica da economía política, a historiografía de inspiración braudeliana e a teoría do sistema-mundo, unha serie de catro ciclos de acumulación sucesivos: xenovés, holandés, británico e norteamericano.

ción central deste a escala planetaria, doutros réximes políticos. Así, tanto pola vía da imposición militar directa (dende Iugoslavia até Iraq pasando por Afganistán) como pola vía da negociación multilateral (acordos coa UE en materia de lexislación de seguranza), o estado de excepción progresou como paradigma de goberno. De acordo co seu procedemento, no sucesivo, a cidadanía haberá de “*renunciar ás súas liberdades concretas a fin de manter unha orde democrática autoproclamada e abstracta*” (Paye, 2004:187).

A orixe deste proceso de difusión do estado de excepción atópase na *Patriot Act* aprobada polo Congreso dos Estados Unidos o 26 de outubro de 2001. No entanto, esta medida non foi máis cun primeiro paso ao que seguiron outros como a *Military Order* do 13 de novembro. Máis significativa aínda que a *Patriot Act* ou a *Military Order* foi a súa continuadora, a *Domestic Security Enhancement Act* de 2003, pola cal se culmina unha ruptura longo tempo xestada coa xurisprudencia antiterrorista norteamericana: en efecto, alí onde nas dúas primeiras se mantiña a asimetría característica da lexislación antiterrorista estadounidense entre a cidadanía estranxeira e a nacional, coa *Domestic Security Enhancement Act* habilitábase a posibilidade de estender a aplicación da lexislación á propia cidadanía coa simple mediación dunha decisión administrativa. Deste xeito, completábase o proceso de ruptura iniciado tralos atentados do 11-S.

0.2

Coa globalización ábrese un proceso inédito no que soberanía e territorio se presentan, á fin, disociados. Certamente, as dinámicas do antagonismo respondían xa, dende antes, a unha lóxica molecular transnacional que escapaba á súa captura ou subxeción dentro das demarcacións territoriais delimitadas pola forma-Estado (Guattari, 2004:65). Con todo, a crise da relación que vinculaba historicamente soberanía e territorio soamente comezou despois de que, polo efecto da implosión do bloque soviético, o procedemento democrático ficara como o único horizonte político lexítimo posíbel. Mediante a apertura de puntos de fuga no seo do Estado nacional, os fluxos migratorios (*exit*) por unha banda, e unha nova vaga de mobilizacións (*voice*) pola outra, induciron á disociación de soberanía e territorio, tal e como fora articulada institucionalmente no histórico-concreto polo Estado nacional. Ou, por expresalo noutros termos, a “lóxica de poder político-territorial” e a “lóxica de poder capitalista” xa non coincidían no espazo-tempo delimitado polo Estado nacional (Harvey, 2004:88-92).

Así as cousas, a fin de poder garantir o axenciamento dos procesos desterritorializadores postos en marcha pola globalización, toda estratexia de reterritorialización capaz de articular un modo de mando global comezou a pasar por inscribirse e comprenderse nunha “rexionalidade evolutiva” (Harvey, 2004:89), inaprensíbel polo Estado nacional. Baixo este punto de vista, a disociación de soberanía e territorio preséntase tamén como esixencia mesma do propio modo de mando global, toda vez que a lóxica da soberanía, territorial, legal e impersonalmente exercida, non alcanza xa a dar conta das dinámicas globais desencadeadas polos suxeitos produtivos que integran a “multitude” (Virno, 2002; Hardt e Negri, 2004). Como consecuencia das expresións dun mesmo antagonismo despregado a escala global, a porosidade

das demarcacións territoriais da forma-Estado non cesou de aumentar. E aquí é onde comeza a transferencia de soberanía cara ao “non-lugar” que inaugura a posibilidade mesma de materialización do imperio (Hardt e Negri, 2000). Por iso mesmo, máis aló dos límites territoriais demarcados pola forma-Estado, os *confíns* non cesan de ser producidos de maneira funcional e continxente, procurando afirmar en todo momento o modo de mando global (Negri, 2004:15).

1.0

Pero o xiro cara a unha xerarquización do poder a escala global, manifesta por igual nos intensivos procesos de rexionalización e de construción supranacional (*id est*, por exemplo, o inacabado proceso de construción europea), non soamente o afectou, cencenando toda horizontalidade consubstancial ás relacións de poder interestatais recoñecidas polo dereito internacional. En última instancia, o seu progreso tan só foi posíbel a partir dunha modificación substantiva do soberano, en cuxa base radican aquelas dinámicas antagonistas que, operando a escala global, socavan os propios fundamentos políticos da forma-Estado.

Velaquí, pois, o principal resultado do paradoxo “exterminista” (Thompson, 1982) ao que abocou Hiroshima: a imaxe, dun xeito clausewitziano, da celebrísimos “a política por outros medios” e a imposibilidade do recurso á “guerra mundial” a través da forma-Estado (xa fora por medio do conflito entre dous ou máis Estados singulares, de alianzas de Estados ou das súas posíbeis combinatorias) supoñen, á fin, a necesidade da “guerra por outros medios” e, polo tanto, centralidade do político. Agora ben, nun tempo no que o político é tentativa de control absoluto sobre a vida (Foucault, 1976: 175-211), o exterminismo (isto é, a busca da aniquilación completa do outro que se inaugura nas trincheiras de Verdún) perde o seu sentido primeiro como dispositivo disciplinario e de control, xa soamente podéndose revelar como “ovo príncipe” a través da imbricación da guerra no civil.

A modo dunha boneca rusa, a guerra global permanente incorpora no seu interior os dispositivos disciplinarios e de control, antano institucionalizados polo Estado nacional, reacomódaos no seu interior e confírelles unha nova función. A guerra dos nosos días non é, polo tanto, unha guerra simplemente destrutiva e exterminista que persiga tan só a eliminación do inimigo, á maneira dos conflitos bélicos anteriores á era nuclear. Por aquel entón, a extensión ao longo e ancho do globo dunhas mesmas regras de xogo (“*the only game in town*”) aínda operaba como principal obxectivo estratéxico militar. Nos nosos días, traspasando o limiar da posibilidade do exterminio definitivo, a guerra fíxose un conflito produtor de orde, dunha orde á súa vez global e integrada, sen exterior (Negri, 2002:25). Unha “guerra de policía” que vixía, controla e ordena un mundo globalizado.

1.1

Trala fin da Guerra Fría, a ausencia de exterior no global e, con isto, a imposibilidade de identificar a un inimigo visíbel, equiparábel e suficiente, limitou

dun xeito fundamental o potencial destrutivo da ameaza nuclear. A resultas disto, dende entón vense abrindo un profundo desequilibrio na orde política instituída polo paradigma político moderno, que se revelou á par constitutivo do modo de mando global e crise da forma-Estado.

Sen un contendente militar digno de tal nome, tendo que facerlle fronte a unha lóxica social molecular que mina a orde política institucionalizada polo Estado nacional, o problema da orde global viuse desprazado cara ao ámbito do policial. Dende a profesionalización crecente dos exércitos até a externalización mercenaria das intervencións militares, pasando pola ocupación en tarefas civís e humanitarias, a evolución recente do militar reflicte a crise de lexitimación á que debeu facerlle fronte o Estado nacional neste sentido.

A “guerra de baixa intensidade” atopa así o seu correlato no dispositivo ordenador da “policía de alta intensidade” e ámbalas dúas converxen na definición do modo de mando global. Máis aló da metáfora evidente, o lema de intervención “*war on terrorism*” remítenos ao seu antecesor inmediato, a “*war on crime*” das políticas de seguranza conservadoras implantadas polos gobernos de Thatcher e Reagan dende comezos dos anos oitenta. A “ciencia da policía” (*Polizeiwissenschaft*) e os dispositivos de control de seguridade nos que se inscribe o modelo penal “actuarial” (De Giorgi, 2005) incorporan a antiga estratexia militar e o armamento nuclear, reconfigurándoos e subsumíndoos. Trátase, en última instancia, de anticiparse aos posíbeis efectos dunha dinámica social de dimensións cada vez máis transnacionais por medio da posta en marcha dun dispositivo preventivo que garanta o control social.

Grazas a este redimensionamento do bélico no global que fai posíbel a “guerra de policía”, comezamos a descubrir, á fin, a inmanencia do discurso sobre a gobernanza e a súa radicalización última na relación de dominio que supón o exercicio da soberanía nun mundo no que as fronteiras se fan cada vez máis permeábeis aos fluxos sociais. No global, a soberanía xa non pode entenderse a non ser na verticalidade que impón a xerarquización dun poder que disloca a configuración da forma-Estado, isto é, como relación antagonista entre súbdito e soberano que resulta, a súa vez, allea por completo ao exercicio efectivo dunha relación *inter pares* semellante á que os Estados nacionais identificaron historicamente no dereito internacional público.

Por conseguinte, antes que como resultado dunha cooperación federal efectiva (coordinación de poderes constituídos iguais entre si), a “soberanía compartida” do discurso sobre a gobernanza global evidénciase, por riba de todo, como deconstitución da forma-Estado e transferencia dunha soberanía nacional, antano radicada no *limes* do territorio estatal, cara a un “non-lugar”.

1.2

Non podía ser doutro xeito: a produción dos mecanismos institucionais aptos para dar conta das transformacións estruturais que supuxo o tránsito ao posfor-

dismo (inmaterialización do traballo, desterritorialización dos procesos produtivos, etc) (Castells, 1997; Marazzi, 2002 e 2003b) soamente resulta posíbel hoxe nesta afirmación da autonomía desreguladora do económico que o financiamento do mundo (Marazzi, 2003a; Gowan, 2000; Brenner, 2003) aspira a impoñer, fronte a unha crecente conflictividade global emerxente na súa dobre vertente: por unha banda emigrante (Mezzadra, 2005), e pola outra movementista (Viejo Viñas, 2005).

Non nos atopamos, con todo, perante a emerxencia dun poder constituínte, senón máis ben perante un complexo exercicio de enxeñería goberamental que aspira a atopar, por medio da institución dun novo paradigma de goberno global, un marco xeral co que abordar as continxencias da “sociedade do risco” (*Risikogesellschaft*) (Beck, 1986) que o propio posfordismo xera. En rigor, esta autonomía do económico que informa o modo de mando global resulta da “forza de lei” (Derrida, 1990) que lle confire ao capitalismo cognitivo o exercicio sistemático, preeminente e a escala planetaria, da *lex mercatoria* sobre a que se conforma a súa propia transnacionalidade.

Pola súa banda, esta transferencia da “forza de lei” tórnase efectiva, á súa vez, grazas a unha innumerábel serie de medidas e reformas legais que aseguran a primacía do mercado sobre a Constitución. Tal e como se demostrou en reiteradas ocasións ao longo do recente debate constitucional europeo, non ten lugar aquí a emerxencia do tan invocado como ignorado poder constituínte, senón que se produce, en realidade, un momento de reaxuste constitucional (un xesto de reforma) e de esgotamento paulatino, malia que irreversible, das fontes mesmas de lexitimidade do réxime político. Dende o aumento do abstencionismo electoral até a crecente desafección política, pasando polas diferentes expresións do chamado voto de protesta, a actual crise de lexitimidade pon de manifesto, unha e outra vez, a deconstitución progresiva da forma-Estado. Así mesmo, aínda cando sexa en graos e maneiras diferentes, a representación política non semella escaparlle tampouco á negativa percepción daquelas políticas que afectan a ámbitos de xestión da extraterritorialidade estatal.

Por todo iso, o voto negativo maioritario nos referendos de Francia e dos Países Baixos, ao circunscribirse unicamente aos límites dunha crítica interna á soberanía, reforza e alimenta a “guerra de policía” do que expresa o ascenso dun novo poder constituínte. A modo de exemplo, sirvan aquí as recentes medidas legislativas en materia de emigración (entre outras, obligatoriedade do coñecemento da lingua e cultura dos Países Baixos antes de residir no país) coas que o goberno holandés se propuxo facerlle fronte ao incremento da competencia partidista no campo do discurso nacionalista que seguiu á convocatoria do referendo sobre o TCE.

Dun xeito semellante, as medidas do comité interministerial do goberno Villepin en materia de seguranza e de emigración, aprobadas significativamente en resposta aos atentados de Londres e a penas unhas horas despois do despegue dun voo de expulsión conxunto franco-británico con emigrantes clandestinos de cidadanía afgá. Unha vez máis, pónense en evidencia aquí os trazos deconstituíntes dun xeito de mando global que atraves a forma-Estado e que é efectuado por axencias de carácter transnacional e continxente que responden, en última instancia, ao estado de excepción.

2.0

As mortes do activista Carlo Giuliani (*voice*), ocorrida en 2001 durante a represión das mobilizacións de Xénova contra o cumio do G-8, e do emigrante Jean Charles De Menezes (*exit*), provocada pola acción policial tralos atentados do 7-X e o 21-X de 2005, preséntannos dúas facianas dunha mesma moeda: a figura do “*homo sacer*” (Agamben, 1998) que se sitúa no centro da relación de crise aberta entre o modo de mando global e a forma-Estado.

É esta, como quizais non podía ser doutro xeito, unha crise de natureza fundamentalmente biopolítica na que aínda unha vez máis se volve verificar o acertado diagnóstico foucaultiano sobre o biopoder: “*o ser humano moderno é un animal en cuxa política se pon en cuestión a súa vida como ser vivinte*” (Foucault, 1976:188). Tanto nun caso coma no outro, asistimos a un cuestionamento directo da “vida da polis” (*bios*) que ten lugar en circunstancias excepcionais de conflito global e que evidencian, simultaneamente, a condición obsolescente da forma-Estado.

Pero, máis aló da modernidade, o modo de mando global institúese a través desa particular “especie da exclusión” que é a excepción (Agamben, 1998:30). Excepcionais pero necesarias á instauración do modo de mando global, as mortes de Giuliani e De Menezes, consideradas en toda a súa arbitrariedade, expoñen o carácter continxente que para o emerxente soberano global (para o imperio) ten a “nuda vida” (*zoe*); existencia animal do que, por non sacrificábel, pode ser morto na indiferenza (Agamben, 2005).

Considerados en toda a súa excepcionalidade, ámbolos dous casos prodúcense nunha liña de tensión que non é senón relación de crise biopolítica. Ao igual que os prisioneiros de Guantánamo e os restantes dispositivos concentracionarios que se veñen creando ao fío da guerra global permanente (Zizek, 2002), as vidas do activista xenovés e do emigrante brasileiro carecen de valor como sacrificio (non así as dos militares ou policía mortos no exercicio das súas funcións), toda vez que se producen na suspensión da norma que segue ás condicións excepcionais nas que acaecen. Sen dúbida, as súas mortes teñen lugar nun espazo exterior á orde política inscrita na forma-Estado, pero non por iso se atopan privadas dunha conexión con esta última.

Ben ao contrario, é na suspensión mesma desta orde, e non na disrupción que lle antecede (aquela provocada polas mobilizacións de Xénova ou os atentados de Londres), onde as mortes de Giuliani e De Menezes adquiren o seu significado político como definidores dun xeito de mando global.

2.1

Nos casos de Carlo Giuliani e Jean Charles De Menezes abórdanse, por medios policiais, as dúas dinámicas fundamentais do antagonismo global en relación coa forma-Estado que xa sinaláramos e que son a emigración e o movemento; ou o que é o mesmo pero dito na terminoloxía hirschmaniana, saída (“*exit*”) e voz

(“voice”)⁽⁵⁾. Lonxe de seren dinámicas externas á crise contemporánea da soberanía moderna, desenvólvense no seu seo dun xeito complementario e de maneira dialóxica respecto ao propio xeito de mando global. E así de tal xeito que, sen o seu concurso, tampouco sería imaxinábel a construción deste último. Migración e movemento, de feito, afirmáanse hoxe en toda a súa transversalidade respecto á forma-Estado, fixando dende o seu interior puntos de fuga que abren o horizonte dun antagonismo sobre o que aspira a definirse, por medio do recurso á “guerra de policía” (á guerra civil), o xeito de mando global. Este, pola súa banda, depende en última instancia da aceptación implícita da transgresión dos límites que supoñen para a forma-Estado a migración e o movemento. Estas dinámicas de corte transnacional resultan, pois, funcionais á profundización da crise da soberanía moderna, sendo ao mesmo tempo irredutíbeis ao modo de mando global.

Por isto mesmo, ao desafiar a capacidade de goberno dos executivos estatais, migración e movemento non soamente lle abren o horizonte a novas modalidades de antagonismo, senón que se anticipan á propia gobernanza global na definición da axenda. No mellor dos casos, de feito, a gobernanza global chega a presentarse como tentativa por xestionar a crise biopolítica da forma-Estado, sen que por iso se atope en condicións de asegurar o seu propio campo de acción.

Non podía ser doutra maneira, tendo en conta a diferenza que existe entre os rendementos das políticas e os resultados efectivos das transformacións impulsadas pola globalización realmente existente. A resolución desta tensión énos coñecida e o recurso sistemático á “guerra de policía” pode que constituía a mellor evidencia do déficit de lexitimidade ao que dá lugar toda acción de goberno que intente fundarse sobre as aporías que conforman a prédica da gobernanza global.

3.0

A globalización abriu, sen dúbida, un espazo-tempo de crise e cambio (*kairos*), un “momento” (Gramsci) no que o predominio constituínte do descontinuo prefigura a emerxencia do novo. Pero, ao igual que noutras situacións de crise e cambio xeohistórico nas que o estado das cousas se viu substantivamente modificado, as dinámicas do antagonismo global non operan no baleiro, senón na indeterminación do resultado final.

Migración e movemento non soamente desbordan os límites da forma-Estado senón que, ademais, organizan formas biopolíticas de contestación de cuxa relación respecto á forma-Estado depende o desenvolvemento último dos condicionamentos. Ao subverter a posibilidade de calquera totalidade ordenada polo soberano, estas non soamente se constituíen como “multitude” (Spinoza) fronte ao “pobo” (Hobbes), senón que, simultaneamente, desafían ao modo de mando global na súa von-

(5) Dende a publicación en 1970 do traballo xa clásico de Albert O. Hirschman, tres son as respostas posíbeis que se recoñecen ao declive de empresas, organizacións e Estados, a saber: saída (*exit*), voz (*voice*) e lealdade (*loyalty*). Non obstante, as implicacións destas respostas para o desenvolvemento do antagonismo son contrapostas: alí onde as dúas primeiras cuestionan a orde, a segunda facilita a súa supervivencia.

tade por reconfigurar un “poder de vida e de morte” calquera (*vitae necisque potestas*). Deste xeito, a crise da forma-Estado devén antagonismo biopolítico dun xeito inmediato, demostrándose así irresolúbel a crise da relación soberanía-gobernación: alí onde a gobernación non chega a dar respostas ás transformacións moleculares do capitalismo cognitivo, a crise de soberanía soamente pode reforzar a disxuntiva entre antagonismo e modo de mando.

En efecto, nun contexto de “guerra de policía” no que a crise de soberanía que acompaña ao modo de mando global se resolve na redución do inimigo á “nuda vida”, as figuras políticas como o *muyahidín* (o “guerreiro sagrado” disposto a pórllle fin á súa propia vida) tórnanse no contrapunto necesario á dialéctica que institúe o modo de mando global. Así, o *muyahidín* non resulta menos funcional ao modo de mando global do que o dispositivo concentracionario de Guantánamo á “Guerra Santa”. Ámbolos dous alimentan sen cesar a coñecida dialéctica schmittiana amigo-inimigo, fortalecéndose mutuamente na crise biopolítica da forma-Estado. De feito, levando o carácter sacro do seu “actuar político” (ese esforzo que literalmente significa a “*yihad*”) até as súas últimas consecuencias (o suicidio), o *muyahidín* incorre nun sensentido particularmente útil á construción do modo global de mando: privarlle ao antagonismo de todo horizonte, de contestación biopolítica, a partir de rematar coa soa “vida da polis” sobre a que aínda se pode exercer como soberano (a propia).

Certo é que o modo de mando global non pode producirse máis que a partir dun control completo sobre a “vida da polis”, e isto até o punto de poder expropiala sen deixar nada máis no seu lugar que a “nuda vida” (á maneira dos prisioneiros de Guantánamo). No entanto, é na contribución permanente á crise biopolítica da forma-Estado alí onde o suicida coadxuva a facer efectivo o modo de mando global. Por medio da morte indiscriminada que se pode provocar co exercicio último do poder soberano sobre si mesmo, demóstrase a incapacidade da forma-Estado para cumprir coa súa parte do “contrato social”, abocando con iso á suspensión indefinida de toda garantía constitucional como única saída posíbel á crise biopolítica.

Perante estas circunstancias, a disxuntiva estratéxica do antagonismo global dirímese hoxe entre dúas opcións fundamentais, que son as que seguen: (1) a “*reductio ad unum*” ou instauración dunha modalidade de réxime político que satisfaga as esixencias do modo de mando global, facendo posíbel a fin do estado de excepción (fica por saber se esta nova forma será ditatorial ou non; Paye, 2004), e (2) o “éxodo da multitude”, expresión da emerxencia dun poder constituínte que articule politicamente a potencia dos suxeitos produtivos a escala global, máis aló de toda soberanía, como expresión federal entre singularidades.

Raimundo Viejo Viñas (Vigo, 1969) é licenciado en Xeografía e Historia, e doutor en Ciencia Política e da Administración. Na actualidade é profesor de Teoría Política na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona.

Bibliografía

- AGAMBEN, Giorgio: 1998, *Homo sacer*, Valencia, Pre-textos.
- AGAMBEN, Giorgio: 2001, *Über Sicherheit und Terror*, Frankfurter Allgemeine Zeitung, 20 de setembro.
- AGAMBEN, Giorgio: 2003, *État d'exception*, París, Seuil.
- AGAMBEN, Giorgio: 2005, *Lo abierto*, Valencia, Pre-textos.
- ARRIGHI, Giovanni: 1999, *El largo siglo XX*, Madrid, Akal.
- BECK, Ulrich: 1986, *Risikogesellschaft. Auf dem Weg in eine andere Moderne*, Frankfurt, Suhrkamp.
- BRANDARIZ, José Ángel e PASTOR, Jaime (eds): 2005, *Guerra global permanente. La nueva cultura de la inseguridad*, Madrid, Los libros de la catarata.
- BRENNER, Robert: 2003, *La expansión económica y la burbuja bursátil*, Madrid, Akal.
- CASTELLS, Manuel: 1997, *The Information Age*, Oxford, Blackwell.
- CLAUSEWITZ, Carl von: 1832, *Vom Kriege*, Berlín, Dümmlers Verlag.
- DE GIORGI, Alessandro: 2005, *Tolerancia Cero. Estrategias y prácticas de la sociedad de control*, Barcelona, Virus Editorial.
- DERRIDA, Jacques: 1990, *Force of law*, Cardozo Law Review, 11:920-1045.
- FOUCAULT, Michel: 1976, *La volonté de savoir*, París, Gallimard.
- GOWAN, Peter: 2000, *La apuesta por la globalización*, Madrid, Akal.
- GUATTARI, Felix: 2004, *Plan sobre el planeta*, Madrid, Traficantes de Sueños.
- HARDT, Michael e NEGRI, Antonio: 2000, *Empire*, París, Exils.
- HARDT, Michael e NEGRI, Antonio: 2004, *Multitude*, New York, The Penguin Press.
- HARVEY, David: 2004, *El nuevo imperialismo*, Madrid, Akal.
- HIRSCHMAN, Albert O.: 1970, *Exit, Voice and Loyalty, Responses to Decline in Firms, Organizations and States*, Cambridge, Harvard University Press.
- HUNTINGTON, Samuel P.: 1994, *La tercera ola: la democratización a finales del siglo XX*, Barcelona, Paidós.
- KALDOR, Mary: 1982, *Warfare and Capitalism*, en THOMPSON, Edward P. (et al): *Exterminism and Cold War*, Londres, Verso.
- KALDOR, Mary: 1999, *New and Old Wars: Organized Violence in a Global Era*, Cambridge, Polity.
- MARAZZI, Christian: 2002, *Capitale e linguaggio*, Roma, Derive Approdi.
- MARAZZI, Christian: 2003a, *Et vague l'argent*, La Tour-d'Aigues, Éditions de l'Aube.
- MARAZZI, Christian: 2003b, *El sitio de los calcetines*, Madrid, Akal.
- MASON, David S.: 1996, *Revolution and Transition in East-Central Europe*, Boulder, Westview Press.
- MEZZADRA, Sandro: 2005, *Derecho de fuga. Migraciones, ciudadanía y globalización*, Madrid, Traficantes de Sueños.

- NEGRI, Antonio: 2002, *La forma frammentata della sovranità imperiale*, en AAVV, *Controimpero*, Roma, Manifestolibri.
- NEGRI, Antonio: 2004, *Guías. Cinco lecciones en torno a Imperio*, Barcelona, Paidós.
- PAYE, Jean Claude: 2004, *The State of Emergency as the Empire's Mode of Governance*, Multitudes, 16:179-190.
- SCHMÉDER, Geneviève: 1998, *Global trends in military efforts and activities*, en KALDOR, Mary, ULRICH, Albrecht e SCHMÉDER, Geneviève (eds): *The End of Military Fordism*, Londres, Pinter Pub Ltd.
- TARROW, Sidney: 1991, *Aiming a moving Target: Social Science and the Recent Rebelions in Eastern Europe*", PS: Political Science & Politics, 24/1:12-20.
- TILLY, Charles: 1992, *Coerción, capital y los Estados europeos (990-1990)*, Madrid, Alianza.
- THOMPSON, Edward P.: 1982, *Zero Option*, Londres, Merlin Press.
- VIEJO VIÑAS, Raimundo: 2001, *El Estado nacional y las transiciones políticas en la Europa central y oriental*, Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, 1/2:93-102.
- VIEJO VIÑAS, Raimundo: 2005, *Del 11-S al 15 y después*, en BRANDARIZ, José Ángel e PASTOR, Jaime (eds): *Guerra global permanente. La nueva cultura de la inseguridad*, Madrid, Los libros de la catarata.
- VIRNO, Paolo: 2002, *Grammaire de la multitud*, Montreal, Éditions l'Éclat & Conjunctions.
- ZIZEK, Slavoj: 2002, *Are we in a war? Do we have an enemy?*, London Review of Books, 24/10:<http://www.lrb.co.uk/v24/n10/zize01.html>.